







O proxecto está formado por 10 obxectos dixitais, sendo cada un deles 1 tema. O emprego destes materiais non implica unha gran dificultade técnica, porque o alumnado está familiarizado con el, xa que teñen todos o formato dunha páxina web con índice no lado dereito.

Cada tema presenta os contidos para traballar, así como os exercicios específicos para eses contidos. Aparecen as instrucións e os pasos que tes que seguir.



Para poder cambiar de páxina, podes pinchar no Índice, ou podes empregar os botóns con forma de frecha que aparecen no principio e no final da páxina.



Cada tema está formado por 4 grandes apartados:

- ✚ **History**: neste apartado traballaremos todos os contidos teóricos como o contexto histórico, os compositores, estilos musicais, compositores, etc.
- ✚ **Music Theory**: onde aparecen as partituras das obras que se traballan, cos arranxos para instrumental *Orff*. Ten dous apartados:
 - ✚ **"Solfeggio"**: explicación e actividades dos contidos referidos ao Linguaxe Musical que se extraen das obras traballadas (compás, figuras, indicacións de tempo, carácter, etc).
 - ✚ **Voices & Instruments**: explicación dos diferentes instrumentos e familias instrumentais, dependendo da época que se traballe, así como os vídeos e audios dos arranxos das obras.
- ✚ **Dancing**: aparecen explicacións dos bailes das épocas traballadas, ás veces con exercicios para comprobar o que estamos aprendendo e outras con vídeos para aprender as danzas. Tamén traballaremos coa percusión corporal. Sempre podedes empregar os vídeos demostrativos que aparecen.


- ✚ **Scale-up activities:** para terminar cada tema, aparecen estas actividades, a modo de xogo. Algunha vez, terán que construír un novo instrumento coas indicacións que aparecen, ou incluso un Zoótopo. En todas as unidades, tes un libro **Lim**, de xogos como quebracabezas, sopas de letras, encrucilladas, etc.

Aparecen diferentes tipos de exercicios:


- ✚ **Verdadeiro-Falso:** a medida que vas respondendo, o programa indícache se as respostas son correctas ou non.




- ✚ **Completa:** pode ser escribindo directamente ti a palabra, ou elixindo unha dunha lista que aparece cada vez que pinchas no oco baleiro.



- ✚ **Pregunta-resposta:** hai dous formatos, un no que sabes no momento se é correcto o que respondes.



E outro (o Test **Scorm**), que ao rematar o exercicio sabes a porcentaxe de respostas acadadas. Este último o facemos cando termina o curso a modo de exame final.



✚ No **Lim** hai que xogar segundo as indicacións que aparecen. Hai diferentes botóns para comprobar se é correcto e para pasar a páxina.

